

Clasifica estos nomes:

Diminutivo

Nome

Aumentativo

Festaza

Ouriciño

Casteliño

Festa

Ovellaza

Cochiño

Paxariño

Coche

Paxaro

Castelazo

Festiña

Castelo

Zapatiño

Ovelliña

Ourizazo

Zapato

Ourizo

Zapatazo

Cochazo

Ovella

Paxarazo

LEMBRA

Os sufixos **diminutivos** indican tamaño pequeno e tamén expresan cariño. Son sufixos diminutivos *-iño/-iña*.

Os sufixos **aumentativos** indican tamaño grande. Son sufixos aumentativos *-azo/-aza* e *-ón/-ona*.



1 Le o texto e clasifica as palabras destacadas no grupo correspondente.

Onte fomos xantar de campo co tío Paulo, a tía Saleta e a **curmanciña** Iria, todos no seu **cochazo** novo do trinque. Fomos a un lugar con **mesañas** e **banquiños** de madeira debaixo dunha **arboraza** enorme preto dun **regatiño**. Mamá levou unha **cestaza** chea de bocadillos e os tíos un **pastelón** de chocolate que case non cabía na mesa! Iria e mais eu comemos a fartar! E os demais tamén, eh?



Son diminutivos

Son aumentativos